
ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN PERMANENTE DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS DA CORUÑA CELEBRADA O LUNS, DÍA 23 DE ABRIL DE 2018

De acordo co establecido na Orde do Día, a Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión extraordinaria ás 12:30 horas do luns día 23 de abril de 2018 coa seguinte orde do día:

1. Información sobre a visita da comisión de avaliación do Mestrado Universitario en Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos

ASISTEN OS SRES:

PROFESORES

Baldomir García	Aitor
Carro López	Diego
Colominas Ezponda	Ignasi
Galán Díaz	Juan José
Herrador Barrios	Manuel F.
Martínez Abella	Fernando
Martínez Lage	M ^a Isabel
Orro Arcay	Alfonso
París López	José
Pena Mosquera	Luis
Ramírez Palacios	Luis
Romera Rodríguez	Luis Esteban

ESTUDANTES

Álvarez Espiñeira	Kevin
Pazos Taboada	Damián
Vázquez Varela	Miguel Ángel

PERSOAL ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Cruz Viqueira	M ^a Pilar
---------------	----------------------

Preside a sesión o Sr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como Secretario o Sr. Diego Carro.

1. Información sobre a visita da comisión de avaliación do Mestrado Universitario en Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos

O director explica a documentación recibida a semana previa sobre a visita da comisión de avaliación do Mestrado Universitario en Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos.

O director detalla a composición da comisión de avaliación e indica que podería haber un caso de conflito de interese co presidente de esta comisión e o título suxeito a avaliación, e motivos suficientes para a súa recusación formal. Indica que vai a ter unha reunión co director da ACSUG para tratar este tema, propón continuar con esta sesión o martes ás 10:20 e traballar contando coa nova información que poida haber trala reunión.

Suspendese a sesión ás 13:00 ata, que continuará o martes ás 10:20.

Continúa a sesión ás 10:25 do martes 24 de abril.

O director indica que tivo unha reunión co director da ACSUG para explicarlle que podería haber un caso de conflito de interese co presidente da comisión de avaliación do Mestrado Universitario en Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos, no cal concorren causas polas que debería terse abstido de participar. Nesa reunión, o director da ACSUG recomendoulle e animou ao director da Escola a que se presentase unha recusación oficial sobre esta persoa.

A Comisión Permanente acorda por unanimidade recusar ao presidente da Comisión de avaliación do Mestrado de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos. A dirección someterá esta recusación a refrendo nunha Xunta de Escola extraordinaria que terá lugar o venres 27 de abril.

A sesión da Comisión Permanente finaliza ás 11:20 do 24 de abril de 2018

Vº. Bº.

Ignasi Colominas Ezponda
Director

Diego Carro López
Secretario Académico